

- 3.1.2. Produción de gas pobre, de gasóxeno ou de auga
- 3.2. Minaría
- 3.2.1. Instalacións de tratamento de pedras, seixos e outros produtos minerais (insistencia, esmiuzado, triturado, pulverizado, moenda, peneirado, cribado, mesturado, limpado, ensacado) cando a capacidade é superior a 200.000 t/a.
- 3.2.2. Tallado, serrado e pulido por medios mecánicos de rochas e pedras naturais
- 3.3. Siderurxia e fundición
- 3.3.1. Tratamentos térmicos de metais férreos e non férreos
- 3.3.2. Operacións de moldeo e tratamento de areas de fundición e outras materias de moldeo
- 3.3.3. Fornos de conformado de pranchas e perfís
- 3.4. Metalurxia non férrea
- 3.4.1. Refinación de metais en fornos de revérbero a excepción do chumbo e cobre.
- 3.4.2. Fabricación de silicoaleacións, agás ferrosilicio, cando a potencia do forno é igual ou inferior a 100 Kw.
- 3.5. Transformados metálicos (ningunha)
- 3.6. Industrias químicas e conexas
- 3.6.1. Produción de cloruro e nitrato de ferro
- 3.6.2. Produción de compostos de cadmio, cinc, cromo, magnesio, manganeso e cobre
- 3.6.3. Produción de aromáticos nitrados
- 3.6.4. Produción de ácidos fórmico, acético, oxálico, adipico, láctico, salicílico, maleico e ftálico
- 3.6.5. Produción de anhídridos, acético, maleico e ftálico
- 3.6.6. Fabricación de produtos deterxentes
- 3.6.7. Produción de celuloide e nitrocelulosa
- 3.6.8. Produción de pinturas, vernices e lacas
- 3.6.9. Recuperación de prata por tratamento de produtos fotográficos
- 3.6.10. Fundido de resinas
- 3.6.11. Oxidación de aceites vexetais
- 3.7. Industria téxtil
- 3.7.1. Lavado e cardadura de la
- 3.7.2. Fabricación de feltros e guatas
- 3.8. Industria alimentaria
- 3.8.1. Torrado e torrefactado de cacao, café, malte, chicoria e outros sucedáneos do café
- 3.8.2. Preparación de produtos opoterápicos e de extractos ou concentrados de carnes, peixe e outras materias animais
- 3.8.3. Frituras industriais de produtos alimentarios (peixes, patacas, etc.) nas aglomeracións urbanas
- 3.9. Industria da madeira, cortiza e mobles
- 3.9.1. Fabricación de taboleiros aglomerados e de fibras
- 3.10. Industria de materiais para a construción
- 3.10.1. Centrais de distribución de cementos a granel. Ensacamento de cementos
- 3.10.2. Fabricación de produtos de fibrocemento
- 3.11. Industria da pel, coiro e calzado (ningunha)
- 3.12. Industrias fabrís e actividades diversas
- 3.12.1. Aplicación sobre calquera soporte (madeira, coiro, cartón, plásticos, fibras sintéticas, tecido, feltro, metais, etc.) de asfalto, materiais bituminosos ou aceites asfálticos, de vernices graxos e aceites secantes para a obtención de papel recuberto, tecidos recubertos (hules, coiros artificiais, teas e papeis aceitados e linóleos)

- 3.13. Actividades agrícolas e agroindustriais
- 3.13.1. Almacenamento de bagazo e augardentes fermentables de froitos

**19745** *LEI 35/2007, do 15 de novembro, pola que se establece a dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción.* («BOE» 275, do 16-11-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 39 da Constitución española ordénalles aos poderes públicos asegurar unha protección axeitada á familia, nos ámbitos social, económico e xurídico. Trátase de principios programáticos que se sitúan na mesma liña doutras declaracións contidas en diferentes instrumentos internacionais, entre os que se encontran a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea ou a Carta social europea, que consideran a familia como elemento esencial da sociedade, que ten dereito a unha protección, nos planos xurídico, económico e social, para lograr o seu desenvolvemento.

No marco da protección á familia, o sistema da Seguridade Social prevé unhas prestacións económicas por fillo ou menor acollido a cargo, cuxa contía está en función da idade e das circunstancias dos fillos. De igual modo, a lexislación fiscal regula determinados beneficios, que gardan relación coas cargas familiares, tanto no que afecta a determinación da base liquidable, en función da aplicación do «mínimo familiar», como o establecemento dunha dedución de maternidade, en favor das persoas dadas de alta na Seguridade Social que teñan a cargo un menor de 3 anos.

Non obstante, o Goberno considerou necesario complementar esas prestacións e incrementar o apoio outorgado no noso país á familia, dado que esta función social é unha área que merece unha protección prioritaria. O noso país enfróntase a unhas previsións de importante envellecemento da poboación, que motivaron que se tratasen de mellorar as condicións das familias en que se producen novos nacementos ou adopcións, buscando con iso facer fronte a longo prazo a esa tendencia da poboación. Esa finalidade motivou que se lles exixa ás persoas beneficiarias da nova prestación unha residencia efectiva no territorio español durante polo menos os dous anos anteriores ao nacemento ou á adopción.

O contido desta norma trata de contribuír ao obxectivo anterior establecendo unha nova prestación por nacemento ou adopción de fillo, que consiste nun pagamento único cuxa finalidade é compensar en parte os maiores gastos que ocasiona o novo ser, en especial na primeira etapa da súa vida. Esta nova prestación ten unha dobre natureza. Para as persoas que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dadas de alta na Seguridade Social no momento do nacemento ou a adopción, ou percibisen no período impositivo anterior rendementos ou ganancias de patrimonio, suxeitos á retención ou ingreso á conta, ou rendementos de activi-

dades económicas polos que se efectuasen os correspondentes pagamentos fraccionados, a prestación adquire o carácter de beneficio fiscal e minora a cota diferencial do imposto sobre a renda das persoas físicas, e poderase percibir de forma anticipada. Pola contra, de forma subsidiaria, para as persoas que non teñen dereito ao beneficio fiscal antes indicado por non se atopar na situación descrita, o pagamento adquire a natureza de prestación da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva.

A nova prestación é compatible coa actual dedución por maternidade regulada no imposto sobre a renda das persoas físicas, ben que ambas as prestacións responden a finalidades distintas; mentres a última busca fomentar a incorporación da muller ao mercado laboral, a primeira trata de compensar os gastos ocasionados pola incorporación dun novo fillo á unidade familiar. A nova prestación tamén é compatible coas prestacións por fillo a cargo ou por nacemento ou adopción de terceiro ou sucesivos fillos, así como coa correspondente prestación por parto ou adopción múltiples da Seguridade Social.

Dada a diferente natureza dos beneficios recollidos nesta lei, resulta, así mesmo, distinta a súa cobertura financeira que, respecto da dedución fiscal, recae na parte estatal da cota do imposto sobre a renda das persoas físicas, mentres que, na súa vertente de prestación non contributiva da Seguridade Social, será financiada por achegas do Estado ao orzamento da Seguridade Social, de acordo coas previsións contidas no artigo 86 da Lei xeral da Seguridade Social.

Con esta medida véñse complementar, no ámbito das axudas á familia, o conxunto de instrumentos que, ao longo da lexislatura, se foron aprobando para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas e compensar, en certo grao, os gastos ocasionados no fogar familiar, entre os que conviría destacar a importante elevación dos mínimos persoais e familiares na nova Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Por último, a coordinación entre o Goberno de España e as comunidades autónomas debe facilitar unha integración efectiva das políticas de apoio á familia das diferentes administracións, que, ademais doutros obxectivos, lles permita garantir aos núcleos familiares que se sitúen arredor do limiar da pobreza, a través da actuación conxunta dos servizos e das prestacións económicas, que o nacemento ou a adopción de fillos non empeora a súa renda dispoñible e o seu benestar. Para tales efectos, deberase realizar unha avaliación da situación do colectivo sinalado así como dos elementos de reforzo necesarios na acción pública.

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto regular unha nova dedución fiscal no imposto sobre a renda das persoas físicas e unha nova prestación non contributiva da Seguridade Social polo nacemento ou a adopción de fillos.

#### Artigo 2. *Persoas beneficiarias.*

1. Serán persoas beneficiarias do disposto nesta lei:

a) En caso de nacemento, a nai, sempre que o nacemento se producise en territorio español. Nos supostos de falecemento da nai sen ter solicitado a prestación ou a percepción anticipada da dedución, será beneficiario o outro proxenitor.

b) Nos casos de adopción por persoas de distinto sexo, a muller, sempre que a adopción fose constituída ou recoñecida por autoridade española competente. Nos supostos de falecemento da muller sen ter solicitado a prestación ou a percepción anticipada da dedución, será beneficiario o outro adoptante.

Se as persoas adoptantes fosen persoas do mesmo sexo, aquela que ambas determinen de común acordo, sempre que a adopción fose constituída ou recoñecida por autoridade española competente.

Se a adopción se produce por unha soa persoa, esta, sempre que fose constituída ou recoñecida por autoridade española competente.

2. En calquera dos supostos indicados no número anterior, será requisito necesario que a persoa beneficiaria residise de forma legal, efectiva e continuada en territorio español durante cando menos os dous anos inmediatamente anteriores ao feito do nacemento ou da adopción.

A situación de residencia determinarase para aquelas persoas que, reunindo os requisitos anteriores, carezan da nacionalidade española, conforme o disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe.

3. En ningún caso será persoa beneficiaria o adoptante cando se produza a adopción dun menor por unha soa persoa e subsista a patria potestade dun dos proxenitores.

#### Artigo 3. *Instrumentación e importe.*

As persoas beneficiarias a que se refire o artigo 2 desta lei, por cada fillo nacido ou adoptado, terán dereito a:

a) Unha dedución de 2.500 euros anuais no imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado pola Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, cando, sendo contribuínte dese imposto, concorran algunha das seguintes circunstancias:

Que realice unha actividade por conta propia ou allea pola cal estea dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade no momento do nacemento ou da adopción.

Que obtivese durante o período impositivo anterior rendementos ou ganancias de patrimonio, suxeitos a retención ou ingreso á conta, ou rendementos de actividades económicas polos cales se efectuasen os correspondentes pagamentos fraccionados.

Esta dedución poderase percibir de forma anticipada e aplicarase con cargo ao tramo estatal do imposto.

b) Unha prestación non contributiva da Seguridade Social de 2.500 euros, no suposto de non cumprir os requisitos establecidos na letra a) anterior.

#### Artigo 4. *Prazo e procedemento para a súa solicitude.*

1. A solicitude da percepción de forma anticipada da dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas ou da prestación non contributiva da Seguridade Social poderase efectuar a partir da inscrición do descendente no Rexistro Civil.

2. A solicitude do interesado implicará o seu consentimento para o acceso, tratamento e comunicación dos datos de carácter persoal que sexan necesarios para o exercicio das funcións dos órganos administrativos encargados da tramitación dos procedementos de xestión e inspección relativos á dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas e da prestación non contributiva da Seguridade Social regulados nesta lei, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no texto refundido

da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

3. O ministro de Economía e Facenda e o ministro de Traballo e Asuntos Sociais establecerán o procedemento e as condicións para ter dereito á percepción de forma anticipada da dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas ou á prestación non contributiva da Seguridade Social.

Artigo 5. *Competencia para a xestión e administración da prestación non contributiva da Seguridade Social.*

Correspóndelle ao Instituto Nacional da Seguridade Social, a través do seu director xeral, a xestión e administración da prestación non contributiva a que se refire a letra b) do artigo 3. Tanto esta competencia como a resolución da reclamación previa á vía xudicial poderán ser obxecto de delegación nos órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria, cos efectos do artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os requisitos, referidos aos órganos delegados, do punto cuarto da disposición adicional décimo terceira da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional primeira. *Nacementos e adopcións que dan dereito a esta axuda.*

O disposto nesta lei soamente resultará de aplicación respecto dos nacementos que se producen a partir do 1 de xullo de 2007, así como das adopcións que se constituísen a partir desa data.

Disposición adicional segunda. *Contribuíntes aos cales lles resulte aplicable a normativa foral do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Os contribuíntes aos cales lles resulten aplicables as normas forais de Navarra ou do País Vasco no imposto sobre a renda das persoas físicas que reúnan os requisitos que esta lei establece no artigo 2 terán dereito á prestación non contributiva da Seguridade Social prevista no artigo 181.d) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Disposición adicional terceira. *Coordinación coas comunidades autónomas.*

No marco das políticas familiares, o Goberno impulsará a coordinación coas comunidades autónomas na determinación das circunstancias asociadas ás axudas familiares e na integración das políticas da Seguridade Social coas destas, co fin de conseguir un maior grao de eficacia na consecución dos obxectivos comúns, respectando en todo caso o marco competencial das comunidades autónomas.

Disposición adicional cuarta. *Políticas tendentes á escolarización de cero a tres anos.*

No marco das políticas estatais, sempre con respecto ao marco competencial das comunidades autónomas, o Goberno impulsará políticas que tendan a desenvolver a escolarización de cero a tres anos.

Disposición adicional quinta. *Políticas tendentes ao desenvolvemento da conciliación da vida laboral, persoal e familiar.*

No marco das políticas estatais, sempre con respecto ao marco competencial das comunidades autónomas, o Goberno impulsará políticas que tendan a desenvolver a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Disposición adicional sexta. *Perspectiva de xénero.*

No deseño, na aplicación e na avaliación das políticas familiares potenciarase a perspectiva de xénero.

Disposición adicional sétima. *Convenios de financiamento de centros e servizos que posibiliten a rede de escolas infantís no tramo de cero a tres anos.*

A partir dos orzamentos xerais do Estado de 2008 incrementaranse substancialmente as partidas destinadas a financiar, mediante convenio entre a Administración do Estado e as comunidades autónomas e outras administracións, os novos investimentos e a posta en marcha de novos centros e servizos que posibiliten a extensión e xeneralización da rede de escolas infantís no tramo de cero a tres anos.

Disposición transitoria única. *Comunicacións presentadas antes da entrada en vigor desta lei.*

As comunicacións de nacementos ou adopcións presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei polas persoas que reúnan os requisitos establecidos nela ou polos seus representantes legais terán a consideración de solicitudes de acordo co previsto no artigo 4 desta lei, entendéndoseas formuladas desde a data de entrada en vigor desta.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda dos non-residentes e sobre o patrimonio.*

Un. Engádeselle unha letra z) ao artigo 7 da lei, nos seguintes termos:

«z) As prestacións e axudas familiares percibidas de calquera das administracións públicas, xa sexan vinculadas a nacemento, adopción, acollemento ou coidado de fillos menores.»

Dous. Engádese un novo artigo 81 bis, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 81 bis *Dedución por nacemento ou adopción.*

1. Os contribuíntes a que se refire o artigo 2 da Lei 35/2007, do 15 de novembro, poderán minorar a cota diferencial deste imposto en 2.500 euros anuais por cada fillo nacido ou adoptado no período impositivo, sempre que cumpran calquera das seguintes condicións:

a) Que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade no momento do nacemento ou da adopción.

b) Que obtivesen durante o período impositivo anterior rendementos ou ganancias de patrimonio, suxeitos á retención ou ingreso á conta, ou rendementos de actividades económicas polos que se



efectuásen os correspondentes pagamentos fraccionados.

A dedución practícarase no período impositivo en que se efectuase a inscrición do descendente no Rexistro Civil.

2. Poderáselle solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o aboamento da dedución de forma anticipada, podéndolle ceder, de ser o caso, ao outro proxenitor ou adoptante que cumpre os requisitos previstos no artigo 2.2 da Lei 35/2007, do 15 de novembro, o dereito ao seu cobramento unha vez que lle sexa recoñecido. Enténdese que non existe transmisión lucrativa para os efectos fiscais por esta cesión.

Cando se perciba a dedución de forma anticipada non se minorará a cota diferencial do imposto.

3. En ningún caso se terá dereito a esta dedución cando, en relación co mesmo nacemento ou adopción, xa percíbese a prestación a que se refire a letra b) do artigo 3 da Lei 35/2007, do 15 de novembro».

Tres. Modifícase o artigo 103, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 103. *Devolución derivada da normativa do tributo.*

1. Cando a suma das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados deste imposto, así como das cotas do imposto sobre a renda de non-residentes a que se refire a letra d) do artigo 79 desta lei e, de ser o caso, das deducións previstas nos artigos 81 e 81 bis desta lei, sexa superior ao importe da cota resultante da autoliquidación, a Administración tributaria practícará, se procede, liquidación provisional dentro dos seis meses seguintes ao remate do prazo establecido para a presentación da declaración.

Cando a declaración fose presentada fóra de prazo, os seis meses a que se refire o parágrafo anterior computaranse desde a data da súa presentación.

2. Cando a cota resultante da autoliquidación ou, se é o caso, da liquidación provisional, sexa inferior á suma das cantidades efectivamente retidas e dos pagamentos á conta deste imposto realizados, así como das cotas do imposto sobre a renda de non-residentes a que se refire a letra d) do artigo 79 desta lei e, se é o caso, das deducións previstas nos artigos 81 e 81 bis desta lei, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o exceso sobre a citada cota, sen prexuízo da práctica das posteriores liquidacións, provisionais ou definitivas, que procedan».

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional vixésimo sexta, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo sexta. *Dedución por nacemento ou adopción no período impositivo 2007.*

O previsto nos artigos 81 bis e 103 desta lei só resultará aplicable respecto dos nacementos que se producen a partir do 1 de xullo de 2007, así como das adopcións que se constituísen a partir desa data».

Disposición derradeira segunda. *Modificacións da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Un. Modifícase a letra b) do artigo 181, nos seguintes termos:

«b) Unha prestación económica de pagamento único a tanto alzado por nacemento ou adopción de fillo, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais discapacitadas».

Dous. Engádeselle unha nova letra d) ao artigo 181, coa seguinte redacción:

«d) Unha prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo».

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo da letra c) do número 1 do artigo 182, nos seguintes termos:

«c) Non perciban ingresos anuais, de calquera natureza, superiores a 11.000 euros. A contía anterior incrementárase nun 15 por 100 por cada fillo ou menor acollido a cargo, a partir do segundo, este incluído».

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 182 bis, nos seguintes termos:

«1. A contía da asignación económica a que se refire a letra a) do artigo 181 será en cómputo anual de 500 euros, cando o fillo ou menor acollido a cargo teña unha idade inferior a 3 anos, e de 291 euros, cando o fillo ou menor acollido a cargo teña unha idade comprendida entre os 3 e os 18 anos de idade, salvo nos supostos especiais que se conteñen no artigo seguinte».

Cinco. Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 182 bis, nos seguintes termos:

«a) 1.000 euros cando o fillo menor acollido a cargo teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento».

Seis. Modifícase a rúbrica da subsección 2.<sup>a</sup>, sección 2.<sup>a</sup>, capítulo IX, título II, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Subsección 2.<sup>a</sup> Prestación económica de pagamento único a tanto alzado por nacemento ou adopción de fillo en supostos de familias numerosas monoparentais e nos casos de nais discapacitadas».

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 185, nos seguintes termos:

«1. Nos casos de nacemento ou adopción de fillo en España nunha familia numerosa ou que, con tal motivo, adquira esa condición, nunha familia monoparental ou nos supostos de nais que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, terase dereito a unha prestación económica do sistema da Seguridade Social, na contía e nas condicións que se establecen nos seguintes puntos.

Para os efectos da consideración da familia numerosa, observarase o disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Entenderase por familia monoparental a constituída por un só proxenitor co cal convive o fillo nacido ou adoptado e que constitúe o sustentador único da familia».

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 186, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. A prestación por nacemento ou adopción de fillo, regulada nesta subsección, consistirá nun pagamento único de 1.000 euros.»

Nove. Incorpórase, dentro da sección segunda, capítulo IX, título II, unha nova subsección, a 4.<sup>a</sup> e os artigos 188 bis, 188 ter, 188 quáter, 188 quinquies e 188 sexies –pasando a actual subsección 4.<sup>a</sup> a constituír a subsección 5.<sup>a</sup>– todo iso nos seguintes termos:

«Subsección 4.<sup>a</sup> Prestación económica por nacemento ou adopción de fillo.

Artigo 188 bis. *Persoas beneficiarias.*

Son beneficiarias desta prestación as persoas a que se refire o artigo 2 da Lei 35/2007, do 15 de novembro, sempre que non tivesen dereito á dedución por nacemento ou adopción regulada no artigo 81 bis da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda dos non-residentes e sobre o patrimonio.

Artigo 188 ter. *Contía.*

A prestación consistirá nun pagamento único de 2.500 euros por cada fillo nacido ou adoptado.

Artigo 188 quáter. *Prazo para a súa solicitude.*

A solicitude poderase efectuar a partir da inscrición do descendente no Rexistro Civil.

Artigo 188 quinquies. *Cesión do cobramento da prestación ao outro proxenitor ou adoptante.*

O dereito ao cobramento da prestación económica poderalle ser cedido ao outro proxenitor ou adoptante unha vez que lle sexa recoñecido, se este reúne os requisitos establecidos no artigo 2.2 da Lei 35/2007, do 15 de novembro. Entenderase que non existe transmisión lucrativa para os efectos fiscais por esta cesión.

Artigo 188 sexies. *Competencia para a xestión e administración.*

Correspóndelle ao Instituto Nacional da Seguridade Social, a través do seu director xeral, a xestión e administración da prestación non contributiva a que se refire a letra d) do artigo 181 da Lei xeral da Seguridade Social. Tanto esta competencia como a resolución da reclamación previa á vía xudicial poderán ser obxecto de delegación nos órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria, cos efectos do artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os requisitos referidos aos órganos delegados do punto cuarto da disposición adicional décimo terceira da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

Dez. Incorpórase o número 4 no artigo 189, nos termos seguintes:

«4. A percepción da prestación por nacemento ou adopción de fillo será compatible coa percepción das demais prestacións familiares da Seguridade Social, reguladas nesta sección.»

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**19750** *ORDE SCO/3317/2007, do 8 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios. («BOE» 275, do 16-11-2007.)*

O Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 95/31/CE, da Comisión, do 5 de xullo de 1995, pola que se establecen criterios específicos de pureza dos edulcorantes que se poden empregar nos produtos alimenticios.

De conformidade coa súa disposición derradeira primeira, o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, foi sucesivamente actualizado para adecualo ás modificacións derivadas da actualización técnica das normas comunitarias, en última ocasión mediante a publicación da Orde SCO/2929/2004, do 2 de setembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios.

A Directiva 2006/128/CE, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, que modifica e corrixe a Directiva 95/31/CE, pola que se establecen criterios específicos de pureza dos edulcorantes que se poden empregar nos produtos alimenticios, adopta criterios específicos para o novo edulcorante eritritol (E-968) e corrixe algúns erros existentes en varias versións lingüísticas dos edulcorantes sacarina e os seus sales de sodio, potasio e calcio (E-954), sucralosa (E-955), sal de aspartamo-acesulfamo (E-962), maltitol (E-965 i) e lactitol (E-966).

Así mesmo, a Directiva 2006/128/CE, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, modifica a definición do xarope de maltitol (E-965 ii) establecido na Directiva 95/31/CE, da Comisión, do 5 de xullo de 1995, ao incluír nas especificacións un novo método de produción.

Para a fixación dos criterios específicos establecidos na Directiva 2006/128/CE, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, tiveronse en conta as especificacións e técnicas analíticas que preparou o Comité Mixto FAO/OMS de Expertos en Aditivos Alimentarios (JECFA) para estes aditivos.

Mediante esta disposición trasponse ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/128/CE, da Comisión, do 8 de decembro de 2006.